

R. Álvarez (2004): “A posición do pronome átono con infinitivo e xerundio en galego e portugués”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 23-42.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A POSICIÓN DO PRONOME ÁTONO CON INFINITIVO E XERUNDIO EN GALEGO E PORTUGUÉS*

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

A posición do pronome en portugués e galego segue regras que no fundamental son iguais nas dúas linguas (port. *O senhor chamou-me?*, *Isso não lhe faz mal nenhum*, *Quer que lhe tragas alguma coisa*; gal. *¿O señor chamoume?*, *Iso non lle fai mal ningún*, *Quere que lle traías algo*); ademais, en ámbalas linguas é preciso enunciar subreglas específicas para a posición con infinitivo e xerundio e as construcións en que estes participan, en tanto que o participio está imposibilitado de leva-lo pronome átono ó seu carón.

Nesta contribución, para o portugués baseámonos na descrición gramatical feita por un número considerable de autores desde mediados do séc. XIX e en noticias e comentarios contidos na bibliografía lingüística; con todo, por coñecermos máis de cerca como se comporta o estándar culto portugués, elaboramos un corpus cun pequeno número de textos contemporáneos¹. Para o galego a tradición gramatical neste terreo é máis ben escasa, polo que unha das finalidades desta contribución é proporcionarmos unha descrición do comportamento do pronome nestas condicións e, de acordo co noso proceder noutras ocasións e en congruencia cos postulados que rexen a elaboración da “normativa” para o

* Este traballo inscribese dentro do proxecto *Gramática contrastiva do portugués e o galego* que, baixo o auspicio da Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa e con subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística-Xunta de Galicia, levan a cabo Isabel Leiria e María Antónia Mota (Universidade de Lisboa) e Xosé Xove e Rosario Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela). Son moitos os agradecementos debidos, pero é de xustiza deixar pública constancia da xenerosidade e amable disposición de Benjamim Moreira e Antónia Mota, que leron o texto antes da publicación e o arrequearon co seu bo criterio e as súas suxestións.

¹ A descrición deste aspecto en portugués moderno adoita non ser completa e por veces, como veremos ó longo da exposición, contén noticias contradictorias. As obras escollidas por nós son de distinto tipo, mais todas dentro do modelo estándar culto europeo: cinco novelas, unha delas traducida –Eça, *CPA*; Branquinho, *B*; Fonseca, *SV*; Cabral, *CCA* e Zimler, *UCL-*; o libro de contos Bessa, *CI*; e os números do xornal *O Público* correspondentes ós sábados dos meses marzo-xuño de 1996. Valémonos, ademais, de datos recollidos en lecturas dispersas e de fichado non tan sistemático.

galego², baseámola, en primeiro lugar, nun corpus obtido a través de textos orais dunha fita rede de puntos que cobre toda a nosa xeografía. Por tanto, aínda que en principio os termos de comparación poidan parecer desiguais, cotexámo-lo que está establecido como estándar culto do portugués contemporáneo coa descrición resultante da análise do material que debe ser punto de partida para o establecemento do estándar culto galego.

Na nosa exposición limitarémonos á análise da posición cando a forma amodotemporal é núcleo simple dun predicado. Trataremos en primeiro lugar as cláusulas de infinitivo e xerundio, con predicados afirmativos ou negativos, que se integran directamente na unidade superior; a seguir exporémo-lo que acontece nas que se integran por medio dun nexo. Os límites precisos da comunicación obrígnanos a deixar para outro momento e outro lugar o contraste en construcións perifrásticas e con verbos auxiliares (verbo + infinitivo, verbo + xerundio, verbo + nexo + infinitivo), con resultados verdadeiramente interesantes, tanto para a descrición dos respectivos estándares coma para o establecemento do percurso histórico que os conduciu a seren como son.

1. INFINITIVO

1.1. Predicados afirmativos

1.1.1. O infinitivo afirmativo, flexionado ou non, leva sempre o pronome enclítico, aínda que estea precedido de elementos que antepostos a outras formas verbais provocan adoito a próclise; cando o núcleo do predicado é un infinitivo tampouco ten incidencia que a entoación sexa non declarativa, nin que os membros do enunciado se presenten en orde marcada:

PORTUGUÉS	GALEGO
Por cima da minha cabeça, ouvi as portadas <i>abrirem-se</i> (Zimler, UCL, 73).	podía ser que non foses medoso, e mas <i>poñérenche</i> medo (<i>Begonte</i> , 126).
De nada serve <i>escondermo-nos</i> (Zimler, UCL, 243).	e tamén <i>darlle</i> o galo máis grande (Forcarei).
tão penetrante e fino que <i>respirá-lo</i> obrigava os pulmões a uma opressão dolorosa (Bessa, CI, 28).	Nada, todo diversión. Todo <i>divirtirse</i> (Ribadavia).
que <i>lançá-la</i> violentamente ao misticismo seria apenas <i>torcer-lhe</i> um momento o instinto (Eça, CPA, 436).	podíase vir carjado e <i>cas'irse</i> a pique" (<i>Sada</i> , 230).
Antes <i>vê-la</i> morta! (Eça, CPA, 226).	¡Millor vos fora <i>metelo</i> en pastillas de xabrón! (A Estrada).
	Tanto ten <i>acostarse</i> coma non (O Carballiño).

² “A lingua normativa ten que estar ó servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, [...] a normativa debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de espurio hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. [...] o galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas para selecciona-las normativas. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o maior número posible de falantes galegos se identifiquen coas solucións acordadas. [...] As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas” (RAG/ILG, 9-10).

1.1.2. En portugués é frecuente que o pronome preceda ó infinitivo se este é o segundo ou posterior membro dunha coordinación en que no primeiro infinitivo se dan as condicións para a próclise –fundamentalmente pola presenza dunha preposición, haxa ou non un pronome onda o primeiro verbo– ou na que cabe supo-la elisión do verbo auxiliar:

Outros afirmavam que a pobre mulher pusera termo à existência *por* ter denunciado o marido e *o temer* (Fonseca, *SV*, 193).

E se tivesse trazido com ele a rapariga *para a matar* ali e *nos levar* a pensar que tinha havido comércio carnal entre ela e meu tio e *nos convencer* que tinha sido o marido a fazer o mal? (Zimler, *UCL*, 101).

Quando ela colhe a minha mão *para a levar* aos lábios e *lhe dar* um beijo afectuoso (Zimler, *UCL*, 204).

e lhes deu a impressão *de se ter* feito asa, ou o próprio arco-íris *a ter* absorvido (Bessa, *CI*, 180).

nenhum homem ou demónio me haveria de impedir *de agarrar* meu tio e *lhe implorar* que usasse todos os seus poderes para mudar o futuro (Zimler, *UCL*, 57).

Esquece que um pé *os pode esmagar* ou algum animal bravo *os espezinhar* (Zimler, *UCL*, 219).

Nas mesmas circunstancias o pronome tamén pode adopta-la posición natural de énclice ó infinitivo³: “e só pensava na doçura infinita *de lhe dar* um beijo na brancura do pescoço, ou *mordicar-lhe* a orelhinha” (Eça, *CPA*, 98), “e eu *hei-de* ficar com ela e *dar-lhe* a consolação” (Zimler, *UCL*, 207), “uma recusa ríspida se Amélia *lhe queria* arranjar a almofada ou *aconchegá-la* no xale” (Eça, *CPA*, 403).

En galego caben igualmente as dúas opcións, mais a próclise dáse moi raramente e só en condicións entoacionais óptimas: “i-ò resto era *para* comer e *me vestir*” (O Carballiño). O normal é a énclice, coma nos exemplos seguintes: “è entonces eu non sei, *abíalle que dar* de comèr è mais *pajárlle*” (*Compostela*, 160), “Había a costumbre cuando era o día de San Juan *de ll’ ir* matar cos tiestos ás mullères [...] e *levalos* á fònte do pueblo” (O Barco), “*pra nos* rir da Guardia Civil e *rinnos* de todos” (*Vilasante*, 280). O galego prefere a énclice mesmo cando o paralelismo entre os distintos membros coordenados debería favorecer-la próclise: “Nò, *ai que me* pagar o que me debes; *ai que me* pagar o-intierro, e *pagarm’ èsto*” (*Vilasante*, 294), “è despois *ter qui* o sachar è *recollelo...*” (*Begonte*, 131).

1.1.3. Nas cláusulas de infinitivo substantivadas é obrigada a énclice, tanto en portugués coma en galego: “E é um acto de humildade, que agrada muito a Deus, *o misturar-nos* às vezes com os maus” (Eça, *CPA*, 228), “nunca lamentei *o ter-te* tomado como aprendiz” (Zimler, *UCL*, 55), “uma espécie de categoria em Oliveira: um colocar-nos ‘em face de’” (*Público*, 6-06-96, “Leituras”, 12); “ie foi aí *o pôrse* a xente tan tonta por Balladares” (*Goián*, 208), “pênsa que non está bèn *o perdelas*” (O Carballiño).

³ Said Ali dá esta como única posición posible, mesmo estando conxugado o infinitivo (Ali, 38-39).

1.2. Predicados negativos

En predicados negativos o pronome pode optar entre as dúas posicións. A diferenza, de grao, está en que o portugués escolle sistematicamente a próclise tras *não*, posición obrigada se o infinitivo está conxugado; en galego, en cambio, tódalas opcións son válidas, se ben se prefere a énclice co infinitivo invariable e a próclise co flexionado:

PORTUGUÉS	GALEGO
como desejaría <i>não a ver</i> (Eça, <i>CPA</i> , 99). prometo <i>não me esquecer</i> de teu pai (Zimler, <i>UCL</i> , 178).	mal descubri-lo, mal nono descubrir (<i>Vilasante</i> , 295). e pa eso non lles pegar nin nada (Taramundi, <i>Asturias</i> , 450).
que era melhor <i>não nos metermos</i> nessas suas actividades (Zimler, <i>UCL</i> , 232). Também é costume <i>não a interromperem</i> (Fonseca, <i>SV</i> , 95).	Isto é tanto como <i>non lles dares</i> nada. ¡Vaia cara <i>non lles faceres</i> eses recados!
*?Prometo não ofender-vos mais.	Ten xenio, é mellor <i>non escoitala</i> (<i>Compostela</i> , 108). Soe entender mal as cousas. Ou <i>non comprendelas</i> (O Carballiño).
---	Cómpre <i>non deixármonos</i> levar pola ironía (Lugrís). É moi feo <i>non irmoslles</i> á voda.

A posición anteverbal é tan constante no noso corpus portugués que non podemos aducir casos de excepción⁴, e mesmo nos faría rexeita-la posibilidade doutra posición distinta se esta non estivese confirmada por algúns gramáticos: “Mas a acción da negativa *não* está fora de contenda senão com o verbo na forma finita ou no gerúndio. Desde que *êle* venha no infinitivo (sem flexão), a negativa sob qualquer forma (advérbios *não*, *nunca*, *jamais*, preposição *sem*, conjunção *nem*) é obstáculo muito fraco ao emprego do pronome depois do verbo” (Ali, 35)⁵. Malia a reserva anterior, segundo os nosos datos,

⁴ Os únicos exemplos aparentemente excepcionais teñen explicación nunha construción sintáctica diferente: “conhecia bem [...] que lançá-la violentamente ao misticismo *seria* apenas *torcer-lhe* um momento o instinto natural e *não criar-lhe* uma paz duradoura” (Eça, *CPA*, 436), débese entender como ‘*seria* apenas *torcer-lhe*... e *não seria* *criar-lhe*...’. Silveira (142-145), que transcribe dous exemplos de énclice ó infinitivo (un deles o refrán “Galgo, compral-o e não crial-o”), procura unha explicación para esa posición, que a todas luces considerara anormal; segundo el, nestes e nos máis abundantes exemplos co xerundio que aduce, “ha uma pausa (uma semi-pausa, digamos), que neutraliza a atracção”, difícil de transcribir por falta dun sinal axeitado: “Sendo proprio da natureza *não* indignar-se, mas compadecer-se”, gracias a esa pausa debe entenderse como “Sendo proprio da natureza compadecer-se, *indignar-se não*”.

⁵ O asunto non está exento de polémica. Cómpre indicar que tódolos exemplos que Said Ali aduce con *não* son de principios do séc. XVIII e do mesmo autor, o P^o. Manuel Bernardes, pero para nós segue sendo importante que a Said Ali lle resulten aceptables. Tamén Dunn (274-275) e Cunha e Cintra (312) acollen a dobre posibilidade, mais Teyssier só consigna a posibilidade de próclise: “Se o infin. for precedido de uma negativa: próclise” (Teyssier, 121). Silveira (144-145), que é da mesma opinión ca este (vid. nota precedente), noutro lugar explica que non significan o mesmo *Por quê não o confessar?* e *Por quê não confessá-lo?*, pois “Esta segunda forma é preferível, para se não confundir o verbo *confessar*, na aceção de *declarar*, com o mesmo verbo no sentido de ‘ouvir de confissão a alguém’” (Silveira: 118-119 e 216). Aínda podemos achegar outro testemuño da falta de acordo sobre o particular e sobre a controversia que a corrección desa posición suscita: Barreto, que nunha pasaxe escribe *por não alargar-me muito*, aproveita para xustificar nunha longa nota a rodapé a corrección da énclice do pronome ó infinitivo “ainda que precedido de negativa”, dando testemuños

para a lingua escrita non é válida a seguinte afirmación: “Com os infinitivos soltos, mesmo quando modificados por negação, é lícita a próclise ou a ênclise, embora haja acentuada tendéncia para esta última colocación pronominal” (Cunha/Cintra, 312).

Trala conxunción *nem / nin* a preferéncia do portugués pola próclise non é tan constante, aínda que os gramáticos non adoitan facer ningunha distinción entre uns predicados negativos e outros⁶: dunha banda “as ideas tumultuavam-se na cabeça sem as compreender *nem as poder* dominar” (Branquinho, *B*, 99); doutra, “espero, bem como a mamã, que o senhor seja bastante delicado para não nos voltar a casa, *nem perseguir-nos* na rua” (Eça, *CPA*, 238), “Não poderá escolher, *nem esquecer, nem libertar-se*” (Bessa, *CI*, 77). En galego, a posición proclítica, sendo correcta, é inusual: “¡Mira que *nin llelo dicir* ós pais!”; “a eso non hai que darlle pienso, *nin estralos, nin limpialos*” (Taramundi, *Asturias*, 451), “rebentadiño que xa non balía *nin moberme*” (*Goián*, 244), “non queren o pan, xa *nin* falar, as galletas *nin falalo*” (Arnoia). Tras *nem sequer / nin sequera* prefiren a ênclise as dúas linguas⁷: port. “A revelação parecia não o incomodar muito, *nem sequer riscar-lhe* a blindagem da indiferença” (Cabral, *CCA*, 196), gal. “Mulleriña, *¿nin sequera dicirlle* adeus?”.

2. XERUNDIO

2.1. Predicados afirmativos

A posición do pronome nestes casos segue regras distintas en galego e en portugués. No primeiro, o pronome sitúase enclítico ó xerundio en tódolos casos; en portugués en cambio, aínda que esta é a posición habitual, existen algúns contextos en que o pronome debe ou pode situarse proclítico. Said Ali circunscribe este cambio obrigado de posición ós predicados en que o núcleo “estea modificado directamente por un adverbio de modo” (sobreenténdese anteposto ó verbo) –por exemplo: “*assim o querendo* o céu... <i. e. ‘se assim o céu o quiser’>” (Ali, 41)–, e Silveira estende a regra ós demais casos en que se dá a próclise coas formas verbais finitas: “As palavras de energia atractiva

doutros autores e corroborando a afirmación –ó que parece discutible– de L. L. Fernandes Pinheiro, segundo o cal “a negativa não exerce influência rigorosa sobre a colocação do pronome complemento quando ela modifica o infinito” (Barreto, 128 n.). Advirtase que ningún destes autores pretende describir unha variante diatópica do portugués, senón a que consideran estándar. Entre os exemplos aducidos atópanse oracións con e sen nexa (§ 3. 2.). Antónia Mota suxíreme que estas descrições –e en particular a gramática de Cunha e Cintra– trasladan unha especie de compromiso entre o padrón portugués e o brasileiro.

⁶ En xeral refírense a predicados negativos, sen restricións, e exemplifican só con *non*, sen pronunciárense sobre outras construcións negativas; cabe entender, por tanto, que todas se comportan igual. Tampouco falan de excepcións cando recollen explicitamente outras posibilidades de negación, pois a próclise é a única opción posible “em frases que contenham um operador de negação (*não, nem, ninguém, nada*)” (Brito, 239).

⁷ Falantes portugueses consultados coinciden en que a secuencia normal e espontánea é “*nem sequer dizer-lhe* o se passou”, pero resultalles aceptable “*nem sequer lhe dizer...*”, como orde marcada que se acompaña dunha entoación intensificadora, tonificando moito *nem sequer*. Coidamos que esta apreciación é válida tamén para o galego.

gozam sempre da vizinhança do pronome nas oracións em que modificam o participio presente. Exemplos: *Mais se acentuando* as suas melhoras, resolveu vir para a cidade. *Pouco se lhe dando* disso. *Muito lle importando* realizar tal negocio” (Silveira, 138). O uso mostra que o cambio de posición non só se dá, nin sempre, con complementos de modo (nos exs. citados por Silveira son cuantificadores; para a posición tras nexos, *vid. infra*), mais tampouco en tódolos contextos que a regra xeral describe como de próclise obrigada; obsérvese que tras algunhas formas parece haber dobre posibilidade de posición:

ÉNCLISE	PRÓCLISE
Imaginei um frade dominicano encapuçado <i>segurando-o</i> por trás, <i>despindo-o</i> , <i>talhando-lhe</i> a garganta e ele <i>caindo-lhe</i> aos pés, o sangue <i>salpicando-lhe</i> o peito (Zimler, <i>UCL</i> , 62).	Entreolham-se, <i>nenhum se atrevendo</i> a esclarecer abertamente os próprios pensamentos (Fonseca, <i>SV</i> , 101).
<i>Só imaginando-a</i> a podemos narrar (Bessa, <i>CI</i> , 181).	Até há pouco tão calada e arredia, <i>mal se dando</i> conta da sua existência no casebre (Fonseca, <i>SV</i> , 23).
<i>Mesmo lavando-o</i> todos os dias, este cão tem sempre um cheiro esquisito (Gonçalves, 43).	Estávamos ainda no terceiro dia da Páscoa e celebrando o Éxodo, <i>apenas me sendo</i> permitido o pão ázimo (Zimler, <i>UCL</i> , 88).
E vir, <i>quase arrastando-se</i> , sentar-se numa cadeira (Bessa, <i>CI</i> , 149).	Ao despertar, ainda as encontro lá, <i>sempre se mexendo</i> e discutindo (Aníbal M. Machado, <i>CJ</i> , 174, citado por Cunha/Cintra, 313).
	O meu coração deu um salto, <i>quase me forçando</i> a negar (Zimler, <i>UCL</i> , 46).

2.2. Predicados negativos

Tódolos autores coinciden en afirmar que en portugués só cabe a próclise, e esa é a única posición rexistrada no noso corpus⁸. En galego son correctas ámbalas posicións:

PORTUGUÉS	GALEGO
e que, <i>não me interessando</i> certamente nada, seria penosa para ele (Branquinho, <i>B</i> , 33).	y èo nun quíria ir y èl <i>non se fiando</i> qu'èo fòse al médico mandóu el chófer comigo (<i>Valledor</i> , 477)
ficara a tremer na sua batina, apavorado, <i>não se atrevendo</i> sequer a visitá-la (Eça, <i>CPA</i> , 186).	<i>Non lle tocando</i> no dela, non tiña por que se molestar.
--	Acabei <i>non dicíndolle</i> nada.

Advertimos, así a todo, que en galego o grao de aceptabilidade depende da posición da cláusula de xerundio, pois se ocupa a posición marcada –isto é, ó inicio– o seu pronome tende case exclusivamente á próclise, mentres que se se instala ó final resulta tan aceptable unha posición coma a outra: “*non o facendo* así, cáusasme un grave prexuízo”

⁸ Parece que noutros tempos a regra non foi seguida tan estrictamente. Figueiredo, tras declarar incontestable que o pronome vai proclítico tras *não*, di: “vejo em Vieira o seguinte texto: –“...em conversação com Deus, *não queixando-se* das suas infâmias, mas dando-lhe infinitas graças”. Esta aparente infracção da regra explica-se com a *pausa*, que o orador fez, e nós deveremos fazer, ao pronunciar o *não*. Sem pausa, é inadmissível *não queixando-se*; com pausa, –*não, queixando-se*...– explica-se o caso, sem necessidade de o condenar” (Figueiredo, 148). Vid. tamén Silveira, 143-44.

prefírese decididamente a “*non facéndoo* así, ...”, no límite do aceptable; a escolla non é tan clara entre “*cáusasme un grave prexuízo non facéndoo* así” e “..., *non o facendo* así”.

Tras *nem* / *nin* ‘nin sequera’ tamén o portugués suspende a obriga da próclise⁹: “Pois *nem amando-a* tanto ele aceitou os sagrados laços do matrimonio” (Cabral, *CCA*, 271). A pesar da negación, a orde normal nesta lingua parece ser “*nem vendo-se* velho e cansado se lembrava da pátria”, pois a secuencia “*nem se vendo...*” esixiría unha estrutura intensificadora. O galego, sen rexeita-la posibilidade da próclise en determinadas condicións, prefírese a énclice: “non oe *nin falándolle* ben alto no oído”. A presenza de *nin sequera* trae en galego a obriga da énclice: “*nin sequera véndose* vello e cansado...”; en portugués seguen sendo válidas as dúas posicións: “*nem sequer se vendo* velho e cansado...”, “*nem sequer vendo-se* velho e cansado...”.

3. PREPOSICIÓN + INFINITIVO

A regra xeral, válida para ámbalas linguas, é que o pronome pode seguir ó infinitivo ou situarse entre a preposición e o infinitivo (Cunha/Cintra, 312; Teyssier, 121; Álvarez *et alii*, 201). A diverxencia, bastante notable, entre o galego e o portugués reside na marxe de opcionalidade desas dúas posicións, tanto na frecuencia con que optan por unha ou outra, coma nas regras particulares que regulan a escolla.

3.1. Predicados afirmativos

3.1.1. En portugués, cando menos na lingua culta escrita, o pronome sitúase ordinariamente entre a maior parte das preposicións e o infinitivo, con excepcións moi escasas e só posibles se o infinitivo non está flexionado¹⁰: “Uma lamúria que vai subindo *até abrir-se* em notas claras” (Fonseca, *SV*, 24), “A coligação que se prepara (mas prepara-se mesmo?) *para elegê-lo*” (*Público*, 30-III-96, 3), “*por verificar-se* que a colocação” (Ali, 34), “*para cerrar-se* outra vez” (Bessa, *CI*, 81). O pronome mantense adoito en posición anterior ó infinitivo mesmo no caso de interpolar entre a preposición e forma verbal elementos que obrigan á realización de pausas: “deixa-lhe espaço *para, hoje, se* apresentar ao lado de outra moção” (*Público*, 30-03-96, 5). Segundo Said Ali a escolla é estilística: ó elixi-la próclise, a preposición refórzase a custo do pronome, que enfraquece e perde relevancia; por tanto, se se quere chama-la atención para o complemento non se pode agregalo ó nexos, senón que hai que pospoñelo ó verbo; en cambio, se se quere que o pronome pase a un plano secundario, por exemplo para lle dar relevancia a outro complemento, o átono pasa para onda a preposición (Ali, 37-38). Na nosa

⁹ Dunn atribúeo a que *nem* modifica o verbo principal e non o xerundio (Dunn, 268).

¹⁰ As seguintes cifras dan mostras desta escaseza (non se contabilizan os casos de *a* e *ao*): 3 exs. en Eça, *CPA*; 8 en Fonseca, *SV*; 4 en *Público*; 6 en Bessa, *CI*; 2 en Zimler, *UCL*; 19 en Cabral, *CCA*; e ningún en Branquinho, *B*. Mais non sempre foi así pois, segundo indica Said Ali, o propio Camões prefería a énclice (Ali, 37).

apreciación, o estándar culto portugués actual atribúe a posición nestas secuencias dun xeito moito máis automatizado, sen tirar partido deste sutil xogo estilístico¹¹.

En galego, o pronome pode adoptar libremente as dúas posicións, pero prefire a énclice en proporción case inversa á portuguesa, pois alcanza o 86% das ocorrencias no noso corpus¹². A pesar de que os datos conducen a considerar “normal” a énclice, os falantes conscientes consideran a outra posición –máis frecuente na lingua oral dos falantes espontáneos ca na lingua escrita comunmente, e máis abundante en falantes dos que cabe esperar maior enxebreza (maior idade, maior ruralidade, menor nivel de estudos...)– un trazo positivo que caracteriza un modelo digno de ser imitado, sen que se aprecien as diferencias estilísticas descritas por Said Ali para o portugués.

3.1.2. A posición anterior ó verbo é obrigada en portugués cando o infinitivo está conxugado, segundo o dictame unánime dos gramáticos (Silveira, 155; Ali, 40; Brito, 238), ó que parece “menos por beneficiar a pronúncia da partícula do que por evitar a desagradábel formación de grupos expiratórios esdrúxulos” (Ali, 37)¹³: “mesmo *depois de lhe destilarem* trufas e salmão” (Bessa, *CI*, 115), “muitas ocasiões *de nos maravilharmos* com as múltiplas e inesperadas capacidades de adaptação do ser humano e *de nos interrogarmos* (especialistas e leigos) acerca de muitos dados” (*Público*, 6-06-96, “Leituras”, 5). A regra non se cumpre nunca coa preposición *a*: “fita-me com anos de raiva *a quemarem-lhe* as faces” (Zimler, *UCL*, 265), “*A fiarmo-nos* no que foi dito, a RETI teria estado na iminência de ser vendida” (*Público*, 30-03-96, 15). Entre os casos de excepción Dunn inclúe tamén *ao* + infinitivo conxugado (*ao ajudarem-me eles, ao levantarem-se eles*, Dunn, 276), pero é posible atopar exemplos esporádicos que seguen a regra xeral: “Uma barba grisalha adoçava-lhe as faces, que *ao se afundarem* um pouco acrescentavam ao seu rosto a sombra da sagesa da idade” (Zimler, *UCL*, 37); pola súa banda, Said Ali exceptúa *por* + infinitivo (conxugado ou non) se o pronome é o acusativo de terceira persoa (§ 3.1.3), mais os testemuños do noso corpus confirman de xeito constante a posición contraria: “*por a terem* feito zangar-se” (*Público*, 6-06-96, “Leituras”, 1)¹⁴.

¹¹ Said Ali era consciente desa sutileza: “Vagamente falando, não se erra dizendo que é questão de ouvido. Escapam, de fato, à sintaxe, escapam à gramática tradicional, mas não se engana na aplicação prática quem tem o sentimento da linguagem” (Ali, 39).

¹² O galego comezou moi cedo a evolucionar cara á énclice, e nos textos dos séculos escuros a proporción próclise / énclice xa era de 2/20.

¹³ Advirtase, con todo, que en portugués hai formas verbais esdrúxulas que co engadido do pronome dan lugar a formacións sobreesdrúxulas, sen que iso empeza a énclice: *cantávamos-te*. Claro que non sería doado establecer unha regra particular para a posición con esas persoas, mentres que no caso do infinitivo abonda con fixar nestes casos unha opción preexistente.

¹⁴ Con todo, non é imposible encontrar exemplos de énclice tras calquera preposición en textos en que cabe esperar un portugués culto, coma os que seguen: “Muitas chegavam ao extremo *de suicidarem-se*” (Chang, *CS*, 63), “contínuas tentativas de instalarem-se na China” (*ib.*, 119), “estavam-lhes agradecidas *por terem-nas* ajudado a livrarem-se dos Japoneses” (*ib.*, 80). Nesta obra, que non formaba parte do corpus inicial que serviu de base a esta comunicación, rexistramos outros comportamentos lingüísticos que se afastan da variedade que se considera patrón e do modelo lingüístico reflectido nos textos do noso corpus, entre eles unha altísima frecuencia da

Por contra, en galego a flexión do infinitivo (trazo caracterizador, cómpre advertírmolo, do mesmo tipo de lingua cá próclise nestas construcións) non é determinante da posición do pronome:

ÉNCLISE	PRÓCLISE
Ó acercárense os carnavales poise... (Porto do Son). Para non pagaren, para andárene..., ou algún que andaba a roubarche (A Pobra do Caramiñal).	E en ver de a traermos pá casa deixámola alí cerca (Guitiriz). O labrador nunca ten un momento para lle daren vacación (Baiona).

Desde logo, para o galego non sería aducible o rexeitamento do final esdrúxulo, tendo este –tamén fronte ó portugués– unha tendencia tan marcada á acumulación de pronomes átonos en secuencia, enclítica cando as regras así o esixen (*déronchenolo*, *recollerédeschelleme* todo, etc.).

3.1.3. Tódolos autores coinciden, e o noso corpus así o confirma, en que a preposición *a*, contradicindo as dúas normas anteriores, non admite en portugués o pronome persoal ó seu carón, nin sequera cando o infinitivo está conxugado. Son moitas as pasaxes coma estas, en que se pode aprecia-lo contraste entre a posición do pronome con *a* e coas outras preposicións: “para simbolicamente humilhar o cunhado *por se* recusar *a dar-lhe* filhos” (Zimler, *UCL*, 260), “*Sem se* deter *a* saudar-*me*” (Zimler, *UCL*, 168). Segundo Cunha e Cintra a obriga de énclise atinxe só “a forma *o* (principalmente no feminino *a*)” (Cunha/Cintra, 312), pero o certo é que non se atopan exemplos con ningún pronome¹⁵. *Ao*, a pesar de que normalmente se comporta igual cá anterior (Teyssier, 121; Dunn, 276), semella ter maior liberdade, pois admite o pronome antes do infinitivo, moi minoritariamente e sempre que non se trate do acusativo de terceira persoa: “surpreendi-me *ao me* sentir tão alheio” (Zimler, *UCL*, 51), “Senti-me abalado por um tremor *ao me* ocorrer a possibilidade” (Zimler, *UCL*, 59)¹⁶. As restantes preposicións non se comportan unanimemente¹⁷, pero non observamos grandes disparidades; só chamámo-la aten-

orde nexa + preposición + infinitivo non flexionado; posiblemente se trate de trazos correspondentes a outras variedades sociais do portugués, quizais emerxentes, mais non estamos en condicións de determinalo.

¹⁵ Outros autores exclúena explicitamente das preposicións que poden provoca-la próclise (Dunn, 275). Esta esixencia mantense mesmo nas perífrases en que esta preposición se intercala entre as dúas formas verbais: “O Padre Salomão voltou a sentar-se à mesa” (Cabral, *CCA*, 84), “a gaita do amolador, que *se* volta a ouvir no largo” (*ib.*, 29), pero non **voltou a se sentar*, **volta a se ouvir*. O pronome só pode situarse entre esta preposición e o infinitivo na variante brasileira (Figueiredo, 309-312; Sten, 56 n.). A regra portuguesa é moderna, pois hai abundantes exemplos en toda a súa tradición escrita que poden testemuña-la corrección da secuencia prep. + pron. + infinitivo ata época relativamente recente (vid. Silveira, 147-8). Observamos, con todo, que o pronome pode retornar ó lugar habitual nestas construcións se se intercala algún sintagma entre el e a preposición, aínda que non sexa a opción máis frecuente nin a aconsellable na lingua estándar: “A partir daí, passou a evitar o genro e *a só lhe falar* se obrigado” (Sharpe, *HC*, 27).

¹⁶ Posición non aceptable para algúns falantes consultados.

¹⁷ Figueiredo analizaas unha por unha no seu corpus e establece as diferentes proporcións entre as dúas posicións: “em relação aos tempos modernos, a preposição *a* só anormalmente atráí o pronome pessoal atónico”

ción sobre a énclise coa preposición *en*, da que sempre atopamos exemplos nas diferentes obras consultadas (en Bessa e Cabral como única posición)¹⁸:

- Tem interesse *em eliminá-la* por completo do seu caminho (*Público*, 30-03-96, 15).
- Sentia toda a caridade que haveria *em consolá-la, entretê-la, fazer-lhe* os dias menos amargos... (Eça, *CPA*, 326)¹⁹.
- Julgava-se infeliz, pensava *em matar-se* (Eça, *CPA*, 39).
- Todo o povo tinha perdido o interesse *em julgá-la* (Bessa, *CI*, 168).
- Mas ela nem cismava, por sua parte, *em ir-se* embora (Bessa, *CI*, 39).
- É teimosia *em afirmar-se* ressentida (Cabral, *CCA*, 227).
- E capricha *em repassá-la* pelo esmeril (Cabral, *CCA*, 39).

Os datos actuais desmenten a apreciación de Said Ali e outros autores, segundo a cal o pronome acusativo de terceira persoa non podería seguir á preposición *por*²⁰, pois en tódalas ocorrencias do noso corpus o pronome está proclítico, grafado á moderna independentemente da preposición: “agradecimento *por o ter* libertado” (Zimler, *UCL*, 203), “Preferia-o, *por o sentir* mais humano e mais acessível” (Eça, *CPA*, 300); a maior abundamento, o único exemplo de énclise que rexistramos con esta preposición no noso corpus ten outro pronome: “forcejando *por soltar-se*” (Fonseca, *SV*, 111). Máis aló das variedades diatópicas, parece existir unha sorte de divorcio entre a lingua escrita e a lingua falada, pois informantes portugueses cultos, que practican adoito a próclise do pronome tras outras preposicións, afirman que dirían, naturalmente, “não insisti, *por sabê-lo* cansado”, “é *por entendê-lo* bem, demais que não gosto dele”.

(313); vacilan, pero prefiren a próclise en distintas proporcións, *para* (161/44 exs.), *de* (115/42) e *em* (27/10); e de maneira máis decidida *sem* (só atopa 8 exs.), *por* (5 exs.), *até* (1 ex.) e *com* (1 ex.) (Figueiredo, 309-350).

¹⁸ A maior parte dos exemplos son co pronome acusativo e poderían aducirse razóns fonéticas, polo problema de resolve-lo encontro entre a nasal da preposición e a vocal, pero na mesma situación está *sem* e o pronome non se traslada á posición posverbal. Tampouco poden buscarse explicacións en leis fonéticas máis antigas, relacionadas coa nasalidade intervocálica, porque a posición normal na lingua medieval era a próclise.

¹⁹ Neste caso, de acordo coas regras de Said Ali para a posición en coordinacións, que xa vimos máis arriba non sempre se cumpren, o primeiro pronome sofre unha “influência regressiva dos demais infinitivos” (Ali, 39).

²⁰ “É regra no português atual: o infinitivo (impessoal ou pessoal) regido de *por* conserva pospostas as formas acusativas *o, a, os, as*: *forcejei* POR IRRITÁ-LO (e não: *forcejei* PELO IRRITAR); *fugiram* POR VEREM-NA *perdida* ou ainda em CAMILO: *Umas vezes* POR APERTAL-A *de mais*; *outras* POR ATORDOAL-A *com os balanços*” (Ali, 40). Non parece contempla-la posibilidade de mante-la secuencia sen grafa-la contracción, e atribúe a “afectación ou pedantismo” “belezas” como algúns exemplos de próclise tomados dos xornais (todos coa preposición e o pronome contraídos). A anteposición só lle parece válida se se interpon *mais, não* ou outra forma entre preposición e pronome (Ali, 41). Bechara insiste na mesma liña: “neste assunto de combinações de preposição, o português moderno desprezou certos giros que –embora também contrários à lógica da gramática– foram estimados dos antigos e ainda hoje puristas aplaudem. Interessa-nos agora aquela em que se combinava a preposição *por* (antigo *per*) com os pronomes *o, a, os, as*, em função de objeto direto: *Esforcei-me pelo vencer*, hoje desbancado por: *Esforcei-me por convencê-lo* (ou *para convencê-lo*). Apesar de exemplos de autores modernos (RUI BARBOSA entre eles) e do voto de MÁRIO BARRETO (*Novos Estudos*, 2ª ed., cap. VII, págs. 111-125), concordo com o parecer do mestre SAID ALI (*Revista Americana*, II, 4, pág. 160): “A contração de *por* e antigo *per* com as formas pronominais *o, a, os, as*, pertence ao número das formas arcaicas, de que se encontram ainda restos na linguagem popular de Portugal. É imprópria da linguagem culta de hoje, e se ocorre –e que é muitíssimo raro– em algum escritor moderno, deixa-nos a impressão de um estilo afetado. Não provam exemplos dessa espécie o uso geral, nem podem servir de norma para o falar correto” (Bechara, 225; e remite en nota para Said Ali e Solidônio Leite).

En galego obsérvase tamén que unhas preposicións acollen con maior frecuencia ca outras o pronome tras si, pero, a diferenza do portugués, ningunha o rexeita totalmente: “marchei para a casa *ó me decatar* da hora que era”, “E veña, todos *a lle dicir* que calase”, “inda me deu mil quinientas pesetas *pola 'nterrar*” (Roux, 42)²¹. Segundo o noso corpus, a frecuencia é a seguinte: relativamente frecuente, en orde descendente, con *a poder de, en vez de, por, sen e para*; en crecente menor medida con *antes de, de e despois de*; e francamente inusual con *a, a punto de, a base de, ata, co fin de, con, en, en lugar de, preto de e ó*. As únicas restriccións do galego danse entre determinadas preposicións e determinados pronomes: *a e ó* non aceptan nunca o pronome acusativo de terceira persoa, pero si os restantes²²; e das tres preposicións que rematan en nasal, *con* e *en* prefiren a énclise, especialmente do pronome acusativo, sen dúbida para evita-los problemas morfofonolóxicos que se ocasionan na outra posición²³.

3.1.4. Segundo Said Ali, en portugués todos optan pola próclise cando se debe situar unha secuencia de pronomes –coma no caso do infinitivo conxugado “para evitar a formação de grupos expiratórios esdrúxulos” (Ali, 40)–, e nós só rexistramos exemplos que confirmen esta norma: “O medo *de se me* ir o tempo sem ter apanhado o assassino” (Zimler, *UCL*, 221), “pois se esforçou extraordinariamente *por se lhes* dedicar” (Bessa, *CI*, 177). En galego non opera ningunha regra semellante, nin co pronome nin coa segunda forma do artigo: “con todo aquel providencial botín *pa entregárlle* a súa muller” (Poncelas, 138), “*a atacárselle* leña (Ribeira); “Logho o que ghozaba a Maruja do Correo *a faérno-los bistidos* prós bailes” (*Goián*, 219).

3.1.5. As dúas linguas actúan tamén de maneira diferente cando se intercalan elementos entre a preposición e o infinitivo. Consonte o que ocorre na coordinación (§ 1.1.2.), o portugués mantén o pronome anteposto na práctica totalidade das moitísimas ocasións en que distancia o nexo do infinitivo, mesmo estando obrigado a realiza-las correspondentes pausas; en cambio en galego non se antepón o pronome se hai algún elemento intercalado entre o nexo e o verbo, o que non é habitual:

PORTUGUÉS	GALEGO
Deixa-lhe espaço <i>para, hoje, se</i> apresentar ao lado de outra moção (<i>Público</i> , 30-03-96, 5).	Nós somos quen pra defendernos e <i>pra</i> , as nosas posturas, <i>poñelas</i> eí sobre o tapete” (<i>Vilasante</i> , 322).
A hipótese <i>de o homem-forte do Porto se</i> “passar” para Santana Lopes aterrorizava os apoiantes da candidatura (<i>Público</i> , 30-03-96, 4).	<i>Despois da</i> miña muller <i>darlles</i> o café” (<i>Asturias</i> , 438).

²¹ Na lingua oral é normal a contracción de *por* co pronome acusativo, coma na lingua antiga, mais non se representa na escrita, en grande parte por calco da grafía portuguesa moderna.

²² Na nosa opinión, por problemas morfofonolóxicos. Tanto a secuencia *a o facer* como *ó o facer* levarían indefectiblemente á pronuncia [ɔ faθer], polo que se confundirían con *ó facer*, construción moi frecuente e de significado distinto. Partindo dunha situación semellante á do galego moderno, que pregou os pronomes femininos e plurais ás esixencias do masculino singular, o portugués xeneralizou a énclise ós restantes pronomes.

²³ *Con o dicir* [koŋoðiθir], *[koðiθir], *[konodiθir]; *en o dicir* [eŋoðiθir], [noðiθir], [enoðiθir]; *sen o dicir* [seŋoðiθir], [senoðiθir].

PORTUGUÉS	GALEGO
<i>Da gente se babar!</i> (Eça, <i>CPA</i> , 28).	<i>E para cando morre un difunto poñerñe ali</i> (Cambados).
Saimos antes <i>de as súplicas da minha familia se</i> tornarem en choradeiras (Zimler, <i>UCL</i> , 254).	<i>E sen case dar-me</i> conta, vinme dentro do lago (Vilanova de Arousa).
Ou seria <i>por já o</i> saber? (Zimler, <i>UCL</i> , 162).	Non, esto <i>pa</i> depois <i>amplialo</i> (<i>Compostela</i> , 118).
<i>Para depois os</i> comercializar (<i>Público</i> , 30-03-96, 15).	De secarmos un día un pulpo <i>pra</i> depois <i>asalo</i> (Ribeira).

O galego só pode optar pola próclise en casos de interpolación, coma en “antes *de me eu casar*” (Rodeiro).

3.1.6. Se o infinitivo está substantivado o pronome sitúase obrigatoriamente enclítico (§ 1.1.3; Ali, 37): “excitado *com o ver-se* aninhado entre as pernas de alguma criada” (Zimler, *UCL*, 244); “camelouno *con aquel escoitalo* con ollos regalados”.

3.2. Predicados negativos

A combinatoria dos comportamentos descritos ata agora, segundo os cales o portugués prefere a próclise nos contextos de preposición máis infinitivo invariable e opta sistematicamente por esta posición nos predicados negativos –nas mesmas construcións, co infinitivo flexionado esa é a única posición posible–, conduce inevitablemente a un uso constante da posición proclítica nas secuencias en que se suman os dous factores²⁴. Ó se introduci-la negación entre a preposición e o verbo, desaparece o impedimento para que o pronome vaia proclítico se a preposición é *a*²⁵. Por parte do galego, este é o único esquema en que segue sendo maioritaria a próclise do pronome (58,82% na lingua espontánea, sen ter en conta os datos atribuíbles ó discurso repetido):

PORTUGUÉS	GALEGO
Apesar <i>de não lhe</i> agradar muito a minha amizade (Zimler, <i>UCL</i> , 91).	era como facía para andar, <i>para non me</i> lixar (Veiga-O Carballiño).
<i>para não se</i> entorpecerem (Bessa, <i>CI</i> , 132).	foiche todo <i>por non o</i> venderen a tempo
--	<i>pa non</i> mancharse na lama (Sagra-O Carballiño).
--	<i>é por non</i> desfacérense de canto teñen.
de rosto voltado, <i>para se não</i> denunciar pelas pálppebras que tremiam (Bessa, <i>CI</i> , 61).	O crego vendeu a besta / <i>por lle non</i> da-la cebada (<i>Cantigueiro</i> , 116).

As dúas linguas aceptan a interpolación do adverbio de negación entre o nexo e o pronome átono, se ben nos respectivos estándares son cada vez menos frecuentes. E, coma en casos anteriores, a próclise en portugués mantense cando se distancia o nexo

²⁴ Barreto cita algúns exemplos de excepción, case todos, unha vez máis, de M. Bernardez (Barreto, 128 n.). Os restantes autores dan a próclise como obrigada e no noso corpus non hai exemplos que contradigan a norma.

²⁵ “Cette action de la négation peut arriver à faire précéder un infinitif par un pronom, même après la préposition *a*: Que Deus continuasse a não lhe trazer filhos (Ferreira de Castro: *Terra fria 72*)” (Sten, 56, n. 4).

do infinitivo: “a hipótese *de* o STJ *não a aplicar*” (*Público*, 30-03-96, 7), “a *ponto de* nunca *se sentar* ao pé dele no chá, e *de* nem mesmo *lhe oferecer* bolos (Eça, *CPA*, 339).

4. OUTROS NEXOS OU PRONOMES INTERROGATIVO-EXCLAMATIVOS + INFINITIVO

4.1. Predicados afirmativos

O dito sobre as preposicións é extensible a outros nexos, en galego só subordinantes: os relativos –preferentemente como introductores de oracións completivas e interrogativas indirectas– e maila conxunción completiva *se*²⁶; tamén alcanza ás oracións con modalidade interrogativa (directa) ou exclamativa introducidas por *que*, *quen*, *cal*, *onde*, *como*, *cando* ou *canto/canta/cantos/cantas*. A situación parece semellante en portugués, mais non sempre puidemos corroborar debidamente noticias dispersas, e por veces non coincidentes, sobre algúns comportamentos que o desviarían dunha posible norma común.

Os testemuños, directos ou indirectos, que podemos achegar de nexos que aceptan a próclise –en galego ou en portugués, segundo se indique–, son os seguintes:

NEXOS	PORTUGUÉS	GALEGO
QUAL / CAL	Eu bem sei <i>qual lhes</i> comprar!	¿ <i>Cal lles</i> regalar ós netos? Nunca dubidei sobre <i>cal lles</i> ofrecer primeiro.
COMO	Eu bem sabia <i>como me</i> defender.	Eu non sabía <i>como me</i> poñer. Non sabía <i>como me</i> poñer (Cambados).
ONDE	Aqui tens... <i>onde te</i> acolher (Bernárdez, apud Figueiredo, 235).	Tendes cine, tendes discoteca, tendes <i>onde vos</i> divertir onde queirades (Arnoia).
QUANDO / CANDO ²⁷		Non sabe <i>cando volo</i> dicir.
QUANTO / CANTO	Não sabe <i>quanto me</i> cobrar pelo serviço.	Aínda non decidiu <i>canto lles</i> pedir polo piso.
QUE (subst.)	Perguntou-me se não tinha nada que <i>lhe</i> dizer. Pois saiba que tenho <i>que lhe mandar</i> (Cabral, <i>CCA</i> , 180). Já não havia por aí coelhos bravos e ele tinha que ter <i>com que o</i> treinar (Sharpe, <i>HC</i> , 9). Perguntou ela, antes mesmo <i>que lhe passar</i> as facas (Cabral, <i>CCA</i> , 12) ²⁸ .	Tedes ben <i>con que lles</i> pagare! (<i>Ancares</i> , 267).

²⁶ Cómpre chamármola atención sobre o feito de que a complementación con oracións interrogativas indirectas e completivas con *se* está restrinxida ós mesmos verbos.

²⁷ “Afirmar-se-á por exemplo que as conxunções *se*, *quando* e, até certo punto, *que* e *ou*, pedem o pronome antes do verbo; mas isso tem seus limites em se tratando de gerúndio e infinitivo” (Ali, 36).

²⁸ Figueiredo atopa na obra de Bernárdez este exemplo que non lle parece aceptable: “sem achar de que admirar-se”: “[...] incontestavelmente há ali desvio da prática modelar. Um desvio porém, entre setenta e um exemplos de exacta colocação de pronomes pessoais, é culpa tão venial, que quase não merece registro” (Figueiredo, 219).

NEXOS	PORTUGUÉS	GALEGO
QUE (adx.)	<p>A rapariga olhava para Jacinto sem mais <i>que lhe</i> dizer (Cabral, CCA, 134).</p> <p>Desejo encontrá-la só, porque tenho muito <i>que lhe falar</i> (Eça, CPA, 166).</p> <p>Mais argumentos <i>com que lhe rebater</i> a disposição (Cabral, CCA, 273).</p> <p>Tinha alguns problemas de adolescência para enfrentar ou <i>com que se entreter</i> (Sharpe, HC, 8).</p> <p>Eu, se quiser mamar, tenho muita <i>teta a que me</i> agarrar (Cabral, CCA, 123).</p>	<p>Pero tu non téis bacas <i>que lles</i> botar erba ía eu si (<i>Ancares</i>, 264).</p> <p>Pois non teño outro consello <i>que che</i> dar (Roux, 83).</p> <p>Non teño máis <i>que che</i> decir (Cotobade).</p> <p>Nin eu teño máis <i>que che</i> dar / nin ti máis <i>que me</i> pedir (cánt. pop.).</p>
QUEM / QUEN	<p>Timothy não tinha ninguém <i>para quem se</i> voltar quando se agravaram os seus problemas (Sharpe, HC, 16).</p> <p>Não conheço ninguém <i>com quem o</i> discutir.</p>	<p>E sóbrame a <i>quen-a</i> vender (<i>Begonte</i>, 108).</p> <p>Alí xa non hai naide a <i>quen lle</i> vender nada (Guitiriz).</p> <p>Eu non tiña <i>con quen me</i> divertir (O Carballiño).</p> <p>E hai menos a <i>quén o</i> dar (Poncelas, 161).</p>
SE		Eu non sei <i>si che</i> lebar-o pan á aira (Roux, 28).
SENÃO/ SENÓN	Que posso fazer pelos meus peccados <i>senão os</i> humildemente confessar e lamentar? (Freitas, apud Silveira, 127) ²⁹ .	

Todos eles admiten tamén a énclise, ó que parece posición única ou habitual tras outros semellantes, coma os comparativos, e tralos non subordinantes:

NEXOS	PORTUGUÉS	GALEGO
CA	(non existe).	<p>se se dera cosechado algo, mellor <i>ca com-pralo</i> era (Lalín).</p> <p>el non tuvo máis recursos <i>ca baterse</i> de brazos (Coristanco).</p> <p>E non teis mais <i>cā curarlli</i> a estes tres libros (Roux, 34).</p> <p>porque non nos facía máis <i>ca falarnos</i> dos mortos, da compañía, das meigas (Moraña).</p>

²⁹ Manifestamos serias dúbidas de que o exemplo responda a unha posibilidade do estándar portugués actual. Xa Silveira o transcribe co comentario de que non lle parece recomendable a construción (Silveira, 214), aínda que noutro lugar afirma que “Ha dificuldade, por exemplo, em saber si a conjunção *sinão* atrai ou repelle a variação pronominal com o verbo no infinito”; en galego a próclise con *senón* nunca é posible. Tampouco exercen influencia outros nexos semellantes: “Conjunções coordenativas, de cuja ação sobre o pronome servindo de objeto a uma forma verbal finita, sempre há alguma cousa que dizer –segundo se mostrará em seu lugar– nenhum influxo exercem sobre o regimen das formas infinitas. Nem fica exceptuada a partícula *ou*, a qual a possuir força tão grande, como alguns lhe atribuem, viria aqui operar maravilhas, subvertendo o que está fixado em purísimos dizeres lusitanos: [...] *E o modo... he não lho dando*, OU PRIVANDO-OS *delle* (VIEIRA, *Serm.*, 2, 455), OU OCUPANDO-OS OU REPARTINDO-OS (VIEIRA, *ib.*, 1, 117)” (Ali, 42). Para a próclise tras *ou* coas formas finitas en portugués, véxase Ali, 44-45 e Figueiredo, 297-298; para o galego, véxase Álvarez *et alii*, 194.

NEXOS	PORTUGUÉS	GALEGO
COMA	(non existe).	Nunca é tan duro oírelo contar <i>coma ví-virelo</i> . Custa tanto amañar unha casa vella <i>coma facela</i> nova.
QUAL / CAL	Sim, <i>qual ofrecer-lhes?</i>	¿ <i>Cal regalarlles</i> ós netos? Non dubidaba en <i>cal ofrecerlles</i> primeiro.
COMO	Pois eu anseio por te exprimir todo o fogo que me abrasa, bem <i>como falar-te</i> de coisas importantes (Eça, <i>CPA</i> , 167). Tanto vale perdoar a alguén una dívida <i>como dar-lhe</i> dinheiro para pagar (<i>Público</i> , 6-06-96, 44). Não via <i>como ignorá-lo</i> (Cabral, <i>CCA</i> , 176).	Cousas así de primeira necesidá, <i>como pedirlles</i> vez pó médico (O Carballiño). Non sabemos practicamente nin <i>como defendernos</i> dela (Guntín). Se che digo iso é <i>como descubrircho</i> todo. ¿ <i>Como crerlle</i> o que che di agora?
ONDE	Arte! Arte! <i>Onde buscar-te, onde arrancar-te</i> sentidos, onde [...]? (Bessa, <i>CI</i> , 89). Buscando um nicho <i>onde encolher-se</i> (Bessa, <i>CI</i> , 132). Não sabíamos até <i>onde acompañá-los</i> .	Daquela non había <i>onde ganalo</i> (<i>Compostela</i> , 101). Procuraban de ber <i>onde pasalo</i> xunto car mozas (<i>Goián</i> , 205). Purque nun abía outro sito <i>unde botalos</i> (<i>Oscos</i> , 506). Non teñen <i>donde poñerse</i> á sombra (Baralla). Non había por <i>onde collerme</i> (Vilalba).
QUANDO/CANDO	Não soube <i>quando abandoná-lo</i> .	Non soubo <i>cando dicírvolo</i> .
QUANTO/CANTO	Não sei <i>quanto pagar-lhe</i> .	Aínda non decidiu <i>cantos enviarlles</i>
QUE (conx.)	Olha <i>que perdoar-lhe</i> a dívida!!!	¡Mira <i>que deixarlle</i> o coche!
QUE (subst.)	<i>De que</i> espantar-se a gente? (Figueiredo, 294). <i>Para qué dar-lhe</i> esse suporte ritual [...]? (Cabral, <i>CCA</i> , 205). <i>Porquê escolher-me a mim</i> , de todos os infelizes pecadores que há? (Sharpe, <i>HC</i> , 51) ³⁰ .	Non teño <i>con que mantélo</i> (<i>Ancares</i> , 267). ¡Ai!, inda non había <i>con que sacalos</i> (Mesía). Per' eu nunca teño <i>con que paharll'</i> estes fáboreos (Roux, 28). Como non atopaba <i>con qué mecelas</i> (Poncelas, 135). Non sabían <i>que nombre poñerñe</i> (Cambados).

³⁰ A propósito do ex. “Mas *porque* afadigar-me em condenar...” (Latino), Figueiredo comenta: “Parece que o verbo pronominal, no modo infinitivo, prejudica um pouco a atracção, que se dá normalmente entre o respectivo pronome e a partícula atractiva, que na mesma posição o precede. Assim, diz-se: –“De *que* espantar-se a gente?” –“*Porque* afligirmo-nos por tão pouco?” –“*Porque* afadigar-me em condenar?”. A ênfase destas interrogações, realçando, na intenção e na entoação, a conjunção causal, afroixa o laço entre esta e o pronome posposto ao verbo. Os gramáticos verão se não é procedente esta exegese” (Figueiredo, 294). Advirtase que nun dos seus exemplos o infinitivo está conxugado, o que non empece que o pronome vaia enclítico.

NEXOS	PORTUGUÉS	GALEGO
QUE (adx.)	Tenho muito <i>que falar-lhe</i> , pai (Fonseca, <i>SV</i> , 143). Um aposento <i>em que</i> recolher-me (Mello, apud Silveira, 46). Roupa <i>com que</i> vestir-se toda a Europa (Durão, apud Silveira 46).	Os rapaciños aora, e verdá, ten moitas gracias <i>que darlle</i> a seus pais (Rois). Que n' abía outra cousa <i>en que</i> traelo (<i>Begonte</i> , 131). Non hai outra cousa <i>en que</i> divertir-se (Ouro). Non hai outra cousa <i>en que</i> divertir-se (Ouro).
QUE (comp.)	A fidalga não podia mais do <i>que puxá-lo</i> a si e suspirar (Cabral, <i>CCA</i> , 283) ³¹ . Fora mais fácil dizê-lo <i>que fazê-lo</i> (Sharpe, <i>UMP</i> , 60).	Cubrianos más comprallas feitas <i>que faellas</i> (<i>Asturias</i> , 514). Non queda mais que facer <i>que da(r)lles</i> úa boa bebecilla (<i>Ancares</i> , 265). No-me quedou máis remedio <i>que dedicar-me</i> a todo (Noia).
QUEM / QUEN	<i>A quem</i> dirixir-se em caso de incêndio?	Que case non hai <i>a quen</i> vendelas (<i>Asturias</i> , 450). Pois non ai un que lla..., <i>a quen</i> bender-lla (<i>Vilasante</i> , 334).
SE		[Non sabía] <i>se darll'</i> unha misa (<i>Vilasante</i> , 284).
SENÃO / SENÓN	até que João Relógio não tem remédio <i>senão</i> levantar-se e ir para outro lado (Cabral, <i>CCA</i> , 150).	Non queríamos facerlle mal, <i>senón</i> <i>asustalo</i> un pouquiño.

4.2. Predicados negativos

Se o nexo non é prepositivo, o portugués non mantén a obriga da próclise: “E apelar também, *porque não confessá-lo*, para a generosidade de que constantemente dá provas” (Cabral, *CCA*, 320)³². En galego son posibles tanto “e tamén *por que non decilo*” (Ramirás), coma “e tamén *por que non o dicir*”.

³¹ Silveira consigna varios exemplos de próclise, relativamente antigos, mais na súa opinión esa orde non ten xustificación: “porque antes perderia quanto tinha *que o fazer*” (Jorge F. de Vasconcelos). A súa formulación non deixa lugar a dúbidas: “A conxunción *que* repelle o pronome si vem á fronte das palabras *mais, antes, melhor, maior*, etc., e o verbo está no modo infinitivo” (Silveira, 200). Nos restantes exemplos que aduce advírtese que se mantén regularmente a ênclise aínda que o infinitivo estea conxugado: “julgando que dali a lhe pôrem as mãos não ha mais *que acharem-no* presente” (Bernardo de Brito), “e eu nam quero de vós mais *que perdoardes-me*” (Jorge F. de Vasconcelos), “he o mesmo *que fazel-as* estimáveis” (Ramos), “Que não deseja mais *que agasalhar-te*” (Camões). O autor procura unha explicación a este comportamento para facelo congruente co resto da descrición, e remata condenando catro exemplos de próclise de ilustres devanceiros (Silveira, 202-203).

³² Segundo Silveira, en portugués non significan o mesmo *Por que não o confessar?* e *Por que não confessalo?* (véxase nota 5). Falantes portugueses e galegos consultados coinciden en percibiren, en primeira instancia, o significado de ‘oir en confesión’ cando o pronome é proclítico e o de ‘declarar’ se o pronome está enclítico, pero todos admiten que ámbalas secuencias poden ter tamén o outro significado. En consecuencia, todos coinciden en que neste exemplo, non sendo sacerdotes, eles usarían con maior frecuencia o pronome enclítico.

5. NEXO + XERUNDIO

5.1. Predicados afirmativos

En portugués é obrigatoria a próclise “com o gerúndio regido da preposição *em*” (Cunha/Cintra, 312)³³: “*em se tirando* o outro, então já pode entrar” (Cabral, CCA, 247). En galego moderno a construción é pouco usual e anticuada; nela caben as dúas posicións, quizais con certa preferencia para a próclise, como opción máis conservadora: “em se lhe dando confiança!” (Eça, CPA, 97”); “en llo pagando seu pai...” ou “en pagándollo seu pai...”.

Con outros nexos que poden obrigar a antepoñe-lo pronome ás formas finitas, o portugués manteno enclítico, única posición correcta en galego:

Bateu algumas teclas, *como experimentando-lhes* a afinação (Bessa, CI, 12).

Sentados defronte um do outro, em hirta compostura, *como que ignorando-se* (Cabral, CCA, 75).

Ora suplicando, *ora chamando-lhe* cobarde, espírito conformado, vencido, *ora apresentando-se* a si mesma como vítima da sua deserção (Bessa, CI, 41)³⁴.

Às vezes levava à boca essas diminutas feridas, sugando-as *ou soprando-as* (Bessa, CI, 146).

Pois fazendo-se turbulento podía parecer a si próprio menos absurdo (Bessa, CI, 143)³⁵.

5.2. Predicados negativos

As posibilidades de posición son as derivadas das regras anteriores: en portugués, *em não me ouvindo* ou *em me não ouvindo*; en galego, *en cho non querendo* ou *en non cho querendo*, ?*en non queréndocho*.

6. CONCLUSIÓNS

Hai unha serie de comportamentos que son comúns ás dúas linguas: a) a posición normal do pronome é a énclice ó infinitivo e ó xerundio, incluso en situacións en que con

³³ Textualmente, Cunha e Cintra din que é “preferida a próclise”, pero en ningún dos outros casos que introducen debaixo cabe outra posición, polo que hai que supor que neste ocorre o mesmo. Outros autores confirman esta obrigatoriedade (Bechara, 238; Teyssier, 122; Brito, 239). Silveira móstrase igualmente categórico, mais anota un exemplo co “pronome emphaticamente posposto ao participio” (Silveira, 131-132). No portugués do Brasil a construción non se usa (Silveira, 133).

³⁴ En portugués, se non complementase un xerundio, o pronome iría proclítico: “E ele passou a injuriar as sombras que, acima de si, *ora se distendiam, ora se aglomeravam*” (Bessa, CI, 45).

³⁵ En portugués, o pronome sitúase normalmente proclítico tras *pois*: “ocupou-o durante algum tempo, pois se esforçou extraordinariamente” (Bessa, CI, 177). Vid. Figueiredo, 299; Silveira consigna a énclice con diferente significado (Silveira, 198).

outras formas verbais sería obrigada ou posible a próclise; b) a relación de construcións en que se dá a orde marcada é basicamente igual nas dúas linguas e en ningunha delas coincidente coa que se pode establecer para as formas finitas; c) nas mesmas construcións en que se dá a orde marcada é admisible, en maior ou menor grao segundo os casos e a lingua, a posición enclítica.

Con distintos graos de obriga ou de constancia, dependendo da construción e da lingua, a orde marcada dáse en predicados negativos –port. *não a interromperem / nem libertar-se*; gal. *non a interromper, non interrompela / iso nin falalo, (nin o falar)*–, en oracións introducidas por unha preposición –port. *de a interromperem*, de a interromper; gal. *de a interromperen, de interrompérena, de a interromper, de interrompela*– e en oracións introducidas por outros nexos conxuntivos e pronominais ou polos pronomes interrogativo-exclamativos –port. *tenho muito que lhe falar*; gal. *¿como llelo dicir ós nenos?, non teño con que lle pagar*.

En galego téndese a xeneraliza-la posición enclítica como a propia do pronome con infinitivo e xerundio en calquera construción. Por iso, aínda que o pronome pode pasar para a próclise nas construcións negativas (*non o facer, non o querendo*) ou en oracións introducidas por preposición (*para cho mandar*), pola conxunción completiva *se* (*non sabe se o facer*) e polos pronomes relativos e interrogativo-exclamativos (*xa tes a quen llo dicir, ¿a cal llo dicir primeiro?*), óptase na maior parte dos casos por mantelo enclítico, cada vez con maior frecuencia; e cando hai algún factor que distancia ou interrompe a secuencia negación + infinitivo ou nexo + infinitivo, o pronome mantense regularmente na éncise (*e despois ter que o sachar e recollelo...*, *sen case dar-me conta*). Por outra banda, o paso á posición marcada está regulado por regras máis simples cás portuguesas, pois contéplanse menos casos de excepción: non se ten en conta que o infinitivo estea conxugado ou non (*non o faceren, non facéreno; non o facer, non facelo; por llo faceren, por facéronllo; por llo facer, por facerllo*) e tódalas preposicións admiten a orde nexos + pronome + infinitivo (*Éranche moitos a lle dici-lo mesmo; Ó me diciren así, asustábanme*). As únicas restricións á concorrencia teñen motivación fonotáctica: **a o dicir, *ó o dicir*.

O portugués mantén unha separación máis nidia entre os contextos de próclise, como posición marcada, e os de éncise, de tal xeito que a posición anteverbal non só é no seu conxunto moito máis frecuente ca en galego, senón que hai construcións nas que se considera obrigada: predicados negativos con *não* (*não o dizer, não lho dizendo*), nexos + infinitivo conxugado (*por lho dizerem*), nexos + xerundio (*em lho dizendo*). Nas construcións marcadas en que é admisible a éncise, esta é usada con frecuencias moito máis baixas cás galegas, pois prefírese sen dúbida *para lho dizer a para dizer-lho*; con todo, en portugués danse algunhas incompatibilidades ou reservas entre algunhas preposicións e a próclise dos pronomes, inexistentes en galego: **a lhe dizer, ?ao me dizer*. En compensación, presenta estruturas marcadas en que o pronome vai proclítico ó xerundio en predicados afirmativos, posición imposible en galego (*sempre se mexendo*).

- Ali: Manuel Said Ali (1966⁶ [1908]): “Colocação dos Pronomes Pessoais Regidos de Infinitivo ou Gerúndio”, en *Dificuldades da Língua Portuguesa. Estudos e Observações*, Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.
- Álvarez *et alii*: Rosario Álvarez / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1995⁶ [1986]): *Gramática Galega*, Vigo: Galaxia.
- Álvarez: Rosario Álvarez Blanco (1980): *O pronome persoal galego*, Tese de Doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).
- Ancares: José Ramón Fernández González (1978): *Etnografía del Valle de Ancares*, Anejo 10 de *Verba, Anuario Gallego de Filología*, Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela.
- Asturias: Xoán Babarro González (1993): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, Tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).
- Barreto: Mário Barreto (1980³ [1911]): “Pronomes pessoais complementos nas locuções verbais formadas com o gerúndio”, in *Novos estudos da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Presença.
- Begonte: Xosé Graña Núñez (1983): *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*, Tese de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).
- Bessa, *Cl*: Agustina Bessa Luis (1984⁴ [1951-1953]): *Contos impopulares*, Lisboa: Guimarães & C^a.
- Branquinho, *B*: Branquinho da Fonseca (1972⁶ [1942]), *O Barão*, Lisboa: Portugalia.
- Brito: Ana Maria Brito (1994): “Portugiesisch Morphosyntax / Morfo-sintaxe”, in *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 2, 233-240.
- Cabral, *CCA*: A. M. Pires Cabral (1992): *Crónica da casa ardida. Romance*, Lisboa: Notícias.
- Cantigueiro*: Xoaquín Lorenzo Fernández (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Vigo: Galaxia.
- Compostela*: Francisco Dubert García (1993): *Aproximación á fala da comarca compostelá: fonética, fonoloxía e morfosintaxe*, Tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).
- Cunha/Cintra: Celso Cunha / Luís F. Lindley Cintra (1984): *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa: João Sá da Costa.
- Chang, *CS*: Jung Chang (1996⁶): *Cisnes selvagens. Três filhas da China* [Trad. Mário Dias Correia], Lisboa: Quetzal.
- Dunn: Joseph Dunn (1928): *A Grammar of the Portuguese Language*, Washington: National Capital Press.
- Eça, *CPA*: José Maria Eça de Queiroz (s. d. [1880]): *O crime do Padre Amaro*, Lisboa: Livros do Brasil (de acordo coa ed. de 1880).
- Figueiredo: Candido de Figueiredo (1909): *O problema da colocação dos pronomes (suplemento ás gramáticas portuguesas)*, Lisboa: Livraria Classica Editora de A. M. Teixeira & Cta.
- Fonseca, *SV*: Manuel da Fonseca (1994¹⁶ [1958]): *Seara de Vento*, Lisboa: Caminho.
- Goíán: Helena Pousa Ortega (1987): *A fala de Goíán. Estudio descriptivo*, Tese de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).
- Gonçalves: Anabela Gonçalves (1995): “Aspectos da Sintaxe dos Verbos Auxiliares do Português Europeu”, in A. Gonçalves *et alii*, *Quatro Estudos em Sintaxe do Português. Uma abordagem segundo a teoria dos princípios e parâmetros*, Lisboa: Colibri.
- Hundertmarck: Maria Teresa Hundertmarck-Santos Martins (1982): *Portugiesische Grammatik*, Tübingen: Niemeyer.

- Mateus *et aliae*: M^a Helena Mira Mateus / Ana María Brito / Inês Silva Duarte / Isabel Hub Faria (1983): *Gramática da Língua Portuguesa. Elementos para a descrição da estrutura, funcionamento e uso do português actual*, Coimbra: Livraria Almedina.
- Maurer: Theodoro Henrique Maurer Jr. (1968): *O infinito flexionado português (estudo histórico-descritivo)*, São Paulo: Editora Nacional-Editôra da USP.
- Oscos: Dámaso Alonso (1972): “Narraciones orales gallego-asturianas (San Martín de Oscos)”, *Obras Completas. I. Estudios Lingüísticos Peninsulares*, Madrid, Gredos, 495-521.
- Poncelas: Aquilino Poncelas Abella (1987): *Estórias e contos dos Ancares / Historias y cuentos de los Ancares (bilingüe)*, Ponferrada: Imp. Peñalva.
- Público*: Os números do xornal *O Público* correspondentes ós sábados dos meses marzo-xuño de 1996.
- RAG/ILG: Real Academia Galega / Instituto da Língua Galega (1995¹² [1982]), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo.
- Roux: Martine Roux (1982): *Fala o fistor e faise o día. Algúns aspectos da tradición oral galega na parroquia do Cebreiro*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Sada: M^a Carme Ríos Panisse: “Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico”, en *Verba*, 1, 181-232.
- Sharpe, *HC*: Tom Sharpe (1995): *Herança Colonial* [Trad. Pedro Queirós Parreira], Lisboa: Teorema.
- Sharpe, *UMP*: Tom Sharpe: *Uma mancha na paisagem*[Trad. Pedro Silva Ramos], Lisboa: Teorema..
- Silveira: Agenor Silveira (1919): *Colocação dos pronomes (Regras e notas explicativas)*, Santos: Instituto D. Escholastica Rosa.
- Sten: Holger Sten (1944): *Les particularités de la langue portugaise*, Copenhague: Einar Munksgaard.
- Teyssier: Paul Teyssier (1989): *Manual de língua portuguesa (Portugal-Brasil)*, Coimbra: Coimbra Editora.
- Valledor: Celso Muñiz (1976): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*, Akademische Pers, Amsterdam.
- Vilasante: Xosé Carlos Quiroga Díaz (1986): *Toponimia e caracterización lingüística da parroquia de Vilasante*, Tese de licenciatura, Facultade de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (iné dita).
- Zimler, *UCL*: Richard Zimler (1996): *O último cabalista de Lisboa* [Trad. José Lima], Lisboa: Quetzal.